

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23 de maio do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.
NON ASISTEN: Yolanda Bouzas Alfonsín.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 23 de maio de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 9 de maio de 2017.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obra menor).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Comunicaci3n previa (actividade).
- 5º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 9 DE MAIO DE 2017.

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 9 de maio de 2017.

SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por GEMMA TRONCOSO REGO, con domicilio en Travesa de San Lourenzo 12, Santiago de Compostela, na que comunica que vai construír unha piscina de 9 x 3,50 metros, na Rúa Gondar 7, Bri3n.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo urbano (UC2)

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condici3n de que se sitúe como m3nimo a 3 metros dos lindeiros e da liña de edificaci3n exterior.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por MANUEL MALLO DORADO, con domicilio en Osebe 6, Bastavales, na que comunica que vai realizar obras de reparaci3n da cuberta da vivenda de Osebe 6, Bastavales, substituíndo a uralita e tella existente por outra nova, nunha superficie de 135 m², sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo rural (NRL1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por MANUEL FRANCISCO ANTELO OTERO, con domicilio en Cabreiros 16, Bri3n, na que comunica que vai substituír as ventás da vivenda (23 unidades) e a porta de acceso, por outras novas de PVC de cor branco, en Cabreiros 16, Bri3n.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ELISEO LOPEZ ARIAS, con domicilio en Rúa Cancelos 4, Os Ánxeles, na que comunica que vai aplicar morteiro de resinas acabado en cor no exterior da vivenda da Rúa Cancelos 4, Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN LAMEIRO MOLDES, con domicilio en Moldes 5, Luaña, na que comunica que vai reparar a cuberta do alpendre de 140 m² de superficie, substituíndo as uralitas existentes por outras novas, sen incrementar o volume da cuberta, en Moldes 5, Luaña.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE ANTONIO GOMEZ SERRAMITO, con domicilio en Chave de Carballo 14, Bastavales, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras no alpendre situado en Chave de Carballo 14, Bastavales:

- Retirar a tella da cuberta para posteriormente colocar tella nova sobre pranchas de fibrocemento.

- Nas paredes dos laterais preténdese descubrir a pedra e encintar as xuntas.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 15 de maio de 2017 (expediente 410/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por PURIFICACION TOME MARTINEZ, con domicilio en Mourentáns 22, Viceso, na que solicita licenza para reparar a cuberta da vivenda de Mourentáns 22, Viceso, de 140 m² de superficie, substituíndo a tella existente por outra nova, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 15 de maio de 2017 (expediente 475/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARCOS CAMPOS FERNANDEZ, con domicilio en Avd. Santa Minia 72, Brión, na que solicita licenza para substituír o vidro existente na carpintería exterior, por vidros de seguridade e alto illamento, na vivenda da Avd. Santa Minia 72, Brión.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 15 de maio de 2017 (expediente 408/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL GENDRA PICALLO, con domicilio en Vidaloiro 14, Bastavales, na que solicita licenza para reparar a cuberta da vivenda de Vidaloiro 20, Bastavales, de 90 m² de superficie, substituindo a tella existente por outra nova, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 8 de maio de 2017 (expediente 732/17), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- De incorporarse pranchas de fibrocemento baixo a tella, estas non resultarán visibles desde o exterior, formalizándose ao modo tradicional o encontro entre cuberta e fachada, é dicir, sobrepena de lousa a modo de cornixa e tella voada.

- A fachada enfuscada de morteiro ficará pintada nunha cor da gama dos brancos.

- Disporase tella sobre as pranchas de fibrocemento do alpendre.

- Logo de rematar a actuación, no prazo máximo de seis meses, deberá remitir á Xefatura Territorial da Coruña (Servizo de Patrimonio Cultural) unhas fotografías a cor do inmovible.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por Susana Gómez Lodeiros, que di actuar en representación de GAS GALICIA SOCIEDAD PARA EL DESARROLLO DEL GAS SA, con domicilio en Calle Lisboa, Edificio Area Central, Local 31 HIJ, Polígono Fontiñas, planta baixa, Santiago de Compostela, na que solicita licenza de obra para realizar unha acometida de gas sobre canalización existente, para dar subministro de gas natural a unha vivenda na Rúa da Senra 14, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A rede e a acometida construírase de acordo coa memoria presentada, coas características técnicas descritas.
- A separación da condución con outras instalacións será como mínimo de 0,20 metros en cruces e de 0,40 metros en paralelo para a media presión A, e de 0,10 metros en cruces e de 0,40 metros en paralelo para a media presión B e baixa presión.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 50,00 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza. No caso de incumprimento destes prazos procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Deberá notificar ao concello a data de iniciación das obras.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha instancia presentada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION SA, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza de obra para a extensión da rede de baixa tensión aérea,

un paso aéreo subterráneo (PAS) e unha acometida, para o P.S. polígono 25, parcela 523, con número de SDG 218316060178, para dar servizo de actuación de mellora nas redes de abastecemento e augas pluviais, nas aldeas de Boaventura e A Torre, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 611,73 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Angel Liñares Túdez, que di actuar en representación de COMPOS VALENTINA 2002 S.L., con domicilio en Urbanización Balneario do Tremo, nº2, local 3, Os Ánxeles, para o funcionamento da actividade de oficina de reparto de publicidade na Urbanización Balneario do Tremo, nº2, local 3, Os Ánxeles, segundo proxecto de actividade redactado polos arquitectos Salgado e Liñares.

A edificación emprázase dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3.

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación de acordo co artigo 25.2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, toma coñecemento da comunicación efectuada e autoriza, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a apertura do establecemento dedicado a oficina de reparto de publicidade na Urbanización Balneario do Tremo, nº2, local 3, Os Ánxeles.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González